

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 26 DE DECEMBRO DE 2023

1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2023/00053844M.

Aprobación das actas de sesións anteriores. |

Apróbanse as actas das sesións do 15, 18, 19 e 21 de decembro.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00014774N.

Aceptar cesión de viario e Licenza para o parcelamento en rúa Nabal, 67 LG Agro Novo. |

Acórdase:

Primeiro: aceptar a cesión de viario formalizada na escritura pública de data 24/10/2023 outorgada ante o notario dona Inmaculada Soto Espiñeira co número de protocolo 2.200

Segundo: Conceder a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Francisco Calo Abelleira de data de visado do 13.03.2023., a parcelación na rúa Nabal 67, Lugar de Agro Novo Parroquia de Vilvestro (Santa María), Santiago de Compostela, A Coruña, parcela con referencia catastral 15079B502004470000IH, en dúas parcelas.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00050059L.

Licenza para a construción de vivenda familiar na rúa Marrozos, 35. |

Acórdase conceder a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Fernando Losada Liste de data de visado do 15/06/2023 e a documentación presentada o 03/11/2023, cun orzamento de execución material de 171.904,90 €, a construción dunha vivenda unifamiliar na finca sita na rúa Marrozos, 35 Santiago de Compostela (A Coruña). |

4. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2023/00032833Q.

Licenza de OBRA NOVA para construción de nave destinada a almacén con venda e exposición de material de construción na RUA DE CASTELA E LEÓN 27 |

Acórdase conceder licenza de OBRA NOVA para construción de nave destinada a almacén con venda e exposición de material de construción na RUA DE CASTELA E LEÓN 27, finca rexistral núm 58449, con referencia catastral 0303539NH4500C0000TA, parcela de resultado M1a02m, do Polígono da Sionlla, segundo Proxecto técnico redactado polo enxeñeiro industrial Carlos Fort Ruíz, co visado colexial de data 21/07/2023 e anexo de 23/10/2023, cun orzamento de execución material de 318.396,77 €, baixo a dirección de obra do proxectista. |

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00040559Z.

Aceptar cesión de viario e licenza para o parcelamento de finca en Eixo, Marrozos. |

Acórdase:

Primeiro: aceptar a cesión de viario formalizada na escritura pública de data 03/11/2023 outorgada ante o notario don José Antonio Rilo López, co número de protocolo 1.188.

Segundo: conceder a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto elaborado polo enxeñeiro técnico agrícola Guillermo Atán Jurjo presentado o 26/09/2023 e documentación do 06/11/2023, a parcelación da

finca sita en Eixo-Marrozos Santiago de Compostela (A Coruña) Parcela con eferencia catastral 15079A516013380001GF, en tres parcelas. |

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00051666C.

|Licenza para obras de limpeza e conservación da igrexa do Convento de San Francisco: ciborio, fachadas laterais e baixo cuberta da igrexa do Convento de San Francisco sito no campiño de San Francisco. |

Acórdase conceder ao CONVENTO DE SAN FRANCISCO licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto redactado pola arquitecta da Oficina Técnica do Consorcio D^a Idoia Camiruaga Osés presentado na data 07/11/2023, cun orzamento de execución material de 340.586,04 €, obras de limpeza e conservación da igrexa do convento de San Francisco: ciborio, fachadas laterais e baixo cuberta da igrexa do Convento de San Francisco sito no campiño de San Francisco de Santiago de Compostela (A Coruña). |

7. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2022/00047245B.

|Licenza de obras de reforma para uso de oficinas na RUA DO HÓRREO, 51, baixo |

Acórdase conceder licenza de obras de reforma de uso de oficinas de edificación sita no patio interior da RUA DO HÓRREO, 51, con referencia catastral 7371912NH3477A, segundo Proxecto básico redactado polos arquitectos Pilar López Río e Laureano Juncal Ortigueira con data de rexistro de 14/10/2022 e anexo de 06/02/2023 , cun orzamento de execución material de 103.801,53 €. |

8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00043367C.

|Licenza para a rehabilitación do peche de parcela da vivanda unifamiliar situado na praza Doutor Ponte Castro 2. |

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Jesús Morales Rodríguez presentada o 10/08/2022, cun orzamento de execución material de 5.600,00 €, a rehabilitación do peche de parcela da vivanda unifamiliar situado na praza Doutor Ponte Castro 2, Santiago de Compostela (A Coruña). |

9. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00041740E.

|Denegar a licenza solicitada para a construción dunha piscina Lg Alto da Iglesia nº9 Sionlla. |

Acórdase denegar a licenza solicitada para a construción dunha piscina Lg Alto da Iglesia nº9 Sionlla Santiago de Compostela (A Coruña) referencia catastral 001500300NH45C segundo o proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico Pablo Vidal Ríos presentado na data 03/10/2023. |

10. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00055592D.

|Rexeitar as alegacións presentadas e denegar a licenza solicitada para a construción dunha edificación destinada a 21 vivandas libres, 6 vivandas protexidas, 12 unidades de residencial comunitario, 4 oficinas, 2 locais comerciais, garaxes e trasteiros na mazá comprendida nas rúas Restollal, Josefa García Segret, Alejandro Pérez Lugin e Manuel Vazquez Cacharrón. |

Acórdase:

Primeiro: rexeitar as alegacións presentadas nas datas 15/03/2023, 26/06/2023 e 13/09/2023 de conformidade cos informes técnico municipais emitidos nas datas 13 e 14/07/2023, 05, 14 e 19/12/2023.

Segundo: denegar a licenza solicitada para a construción dunha edificación destinada a 21 vivendas libres, 6 vivendas protexidas, 12 unidades de residencial comunitario, 4 oficinas, 2 locais comerciais, garaxes e trasteiros na mazá comprendida nas rúas Restollal, Josefa García Segret, Alejandro Pérez Lugin e Manuel Vazquez Cacharrón Santiago de Compostela (A Coruña) parcelas con ref. catastral 7562942NH3476D, 7562943NH3476D, 7562944NH3476D e 75629NH3476D segundo o proxecto básico redactado polo arquitecto José Manuel Arias Illanes de data de visado do 02/12/2022. |

11. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00039450J.

|Aprobación inicial da subvención solicitada para as actuacións en Poza de Bar 6, correspondente á convocatoria de subvencións á rehabilitación no marco do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 na ARRU do Casco Histórico FASE 16. |

Acórdase aprobar inicialmente a subvención con cargo á aplicación orzamentaria 050 33600 7800000/2023 e ao proxecto de gasto 2019/2/REHAB/16/1, concedendo a subvención solicitada e comprometendo o gasto (fase D) en favor dunha persoa beneficiaria. |

12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00030955R.

|Adxudicación do contrato “Subministración dun compresor de aire do Servizo de Extinción de Incendios do Concello de Santiago de Compostela (SEIS)” a SENSO INGENIERÍA E INSTALACIONES SL |

Acórdase:

Primeiro: excluír PSI GALICIA, SLU por non xustificar a compatibilidade do compresor proposto.

Segundo: Adxudicarlle, por ser a súa a mellor oferta, a SENSO INGENIERÍA E INSTALACIONES SL, o contrato que ten por obxecto a subministración para a renovación do compresor de aire do Servizo de Extinción de Incendios (SEIS). Presenta unha proposición económica de 37.555,98 € (base imponible 31.038,00 € máis IVE do 21% 6.517,98 €).

Terceiro: Comprometer un gasto por importe de 37.555,98 € con cargo á aplicación orzamentaria 070 13600 6330000 (código de proxecto: 2021 3 UNESP 21 1). |

13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00050859X.

|Aprobación do expediente “Obras de Reurbanización da rúa do Pombal” cun importe base de licitación de 762.991,01 € |

Acórdase:

Primeiro: aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación das obras de reurbanización da rúa do Pombal cun orzamento base de licitación de 762.991,01 € (base imponible de 630.571,08 € máis IVE do 21% polo importe de 132.419,93 €).

Segundo: abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación, ao abeiro do disposto no artigo 159 da LCSP.

Terceiro. Autorizar un gasto total por importe de 762.991,01 € que se imputa á aplicación orzamentaria 060 15321 6190000 (Código de proxecto: 2022 2 REURB 12) |

14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00035869Q.

|Aprobación do expediente de contratación da *Subministración de equipos denominados traxes de intervención e protección persoal (Chaquetóns e cubrepantalóns) con arnés para o Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Santiago de Compostela*, cun orzamento base de licitación de 129.286,18 € |

Acórdase:

Primeiro: aprobar o expediente de contratación do *Subministración de equipos denominados traxes de intervención e protección persoal (Chaquetóns e cubrepantalóns) con arnés para o Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Santiago de Compostela*, cun orzamento base de licitación de 129.286,18 € (base impositiva de 106.848,08 € máis IVE do 21% de 22.438,10 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación, de acordo co artigo 159 da LCSP. |

15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00023906J.

|Autorización da redacción do modificado do proxecto de execución da obra do Centro Integral para a Inclusión Social (CIPIS) coa fin de introducir, por razóns de interese público, as variacións necesarias para que o proxecto se execute consonte as necesidades tanto construtivas e como de resposta ás demandas básicas sociais para os sen fogar. |

Acórdase autorizar a redacción do modificado do proxecto de execución da obra do Centro Integral para a Inclusión Social (CIPIS) coa fin de introducir, por razóns de interese público, as variacións necesarias para que o proxecto se execute consonte as necesidades tanto construtivas e como de resposta ás demandas básicas sociais para as persoas sen fogar. |

16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00016188T.

|Reaxuste das anualidades do contrato de “Servizo de operacións de conservación, mantemento, reparación e pequena reforma de espazos públicos do entorno urbano, excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica de Santiago de Compostela (2023- 2025). |

Acórdase| proceder ao reaxuste das anualidades do contrato de “Servizo de operacións de conservación, mantemento, reparación e pequena reforma de espazos públicos do entorno urbano, excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica de Santiago de Compostela (2023- 2025)”, adxudicado a *ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L. por unha porcentaxe de baixa xeral sobre os prezos unitarios do prego técnico dun 19,99 %, adaptándoas á realidade do contrato do seguinte xeito:*

Anualidade	Orzamento total
2023	162.499,95 €
2024	299.999,99 €
2025	137.500,05 €

17. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047487G.

|Prórroga dun ano do contrato de seguro de riscos por responsabilidade civil/patrimonial do concello. |

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de seguro de riscos por responsabilidade civil/patrimonial do Concello de Santiago de Compostela, subscrito coa entidade aseguradora MAPFRE ESPAÑA COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS,SA

polo prazo dun ano, a partir das 00:00 horas do día 29 de decembro de 2023.
Segundo.- O importe da prima a aboar por un ano de póliza é de 148.900,00 €.

18. ÁREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2023/00040210X.

Aprobación proxecto básico e de execución “Parque infantil no espazo socioeducativo de Rial no lugar de Reibó (parroquia de Laraño)” revisado segundo 2º informe de supervisión da Deputación da Coruña

Acórdase

Primeiro. Aprobar o proxecto básico e de execución de data 18/12/2023 da obra “Parque infantil no espazo socioeducativo de Rial no lugar de Reibó (parroquia de Laraño)”, redactado polo arquitecto D. Alfredo Varela Nogueira, e que ten as seguintes características:

- Orzamento: 103.305,78 + 21.694,21 euros de IVE = 124.999,99 euros.

- Prazo de execución: 40 días.

- Clasificación do contratista: non esixible.

Segundo. Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ Adicional 2/2023.

19. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00039410S.

Autorización da cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa, LAPPSET ESPAÑA VR, S.L., para responder do contrato de “Subministración e instalación dunha área de xogos infantís no Parque de Outeiro de Sar. Orzamentos Participativos 2017. CON/37/2017.”

Acórdase autorizar a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa, LAPPSET ESPAÑA VR, S.L., por importe de 5.999,14 euros (Avalista: BANCO DE SABADELL, S.A. para responder do contrato de “Subministración e instalación dunha área de xogos infantís no Parque de Outeiro de Sar. Orzamentos Participativos 2017. CON/37/2017.”)

20. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2023/00001039D.

Revisión tarifas 2023 aparcadoiros Hórreo, San Clemente e San Caetano.

Acórdase aprobar as tarifas dos aparcadoiros públicos do Hórreo, San Clemente e San Caetano consonte ao informado pola inspectora técnica de servizos que supón unha suba do IPC dun 13,60% con respecto á última revisión de tarifas aprobada o 28 de decembro de 2018.

As tarifas fraccionadas de rotación son as que figuran no anexo que se relaciona de seguido.

ANEXO

1.- APARCADOIRO DO HÓRREO

Tarifas aprobadas 2018		Sen IVE	Con IVE 21%	
De 1 a 5	minutos	0,0406	0,0491	€/min
De 6 a 15	minutos	0,0326	0,0394	€/min
De 16 a 30	minutos	0,0266	0,0322	€/min

De 31 a 60	minutos	0,0228	0,0276	€/min
De 61 a 90	minutos	0,0190	0,0230	€/min
De 91 a 120	minutos	0,0232	0,0281	€/min
De 121 a 180	minutos	0,0173	0,0209	€/min
De 181 a 240	minutos	0,0194	0,0236	€/min
De 241 a 360	minutos	0,0175	0,0212	€/min
De 361 a 600	minutos	0,0187	0,0227	€/min
Tarifas revisadas 2023		Sen IVE	Con IVE 21%	
De 1 a 5	minutos	0,0465	0,0563	€/min
De 6 a 15	minutos	0,0372	0,0450	€/min
De 16 a 30	minutos	0,0304	0,0368	€/min
De 31 a 60	minutos	0,0261	0,0316	€/min
De 61 a 90	minutos	0,0217	0,0263	€/min
De 91 a 120	minutos	0,0265	0,0321	€/min
De 121 a 180	minutos	0,0199	0,0241	€/min
De 181 a 240	minutos	0,0222	0,0269	€/min
De 241 a 360	minutos	0,0201	0,0243	€/min
De 361 a 600	minutos	0,0214	0,0259	€/min

TARIFAS HÓRREO	Prezos por hora 2023 (IVE incluído)											
	30'	1h	90'	2h	3h	4h	5h	6h	7h	8h	9h	10h
2018	1,10	1,95	2,60	3,45	4,70	6,15	7,40	8,65	10,05	11,40	12,75	14,10
2023	1,25	2,20	3,00	3,95	5,40	7,00	8,45	9,95	11,50	13,05	14,60	16,15

ABONO MENSUAL HÓRREO	Prezos aprobados 2018		Prezos propostos 2023	
	Sen IVE	Con IVE 21%	Sen IVE	IVE 21%
Abono mensual Hórreo	128,42	155,39	146,55	177,33
Canon por praza	57,01	68,98	57,01	68,98

2.- APARCADOIRO DE SAN CLEMENTE

Tarifas aprobadas 2018		Sen IVE	IVE 21%	
De 1 a 5	minutos	0,0427	0,0517	€/min
De 6 a 15	minutos	0,0355	0,0430	€/min
De 16 a 30	minutos	0,0321	0,0388	€/min
De 31 a 60	minutos	0,0209	0,0253	€/min
De 61 a 90	minutos	0,0220	0,0266	€/min
De 361 a 480	minutos	0,0218	0,0264	€/min
De 481 a 600	minutos	0,0214	0,0259	€/min
Tarifas revisadas 2023		Sen IVE	IVE 21%	
De 1 a 5	minutos	0,0488	0,0590	€/min
De 6 a 15	minutos	0,0405	0,0490	€/min
De 16 a 30	minutos	0,0365	0,0442	€/min
De 31 a 60	minutos	0,0239	0,0289	€/min
De 61 a 90	minutos	0,0251	0,0304	€/min
De 361 a 480	minutos	0,0249	0,0301	€/min

De 481 a 600 minutos 0,0245 0,0296 €/min

TARIFAS S.CLEMENTE	Prezos por hora 2023 (IVE incluído)											
	30'	1h	90'	2h	3h	4h	5h	6h	7h	8h	9h	10h
2018	1,25	2,00	2,80	3,60	5,20	6,80	8,40	10,00	11,55	13,15	14,70	16,25
2023	1,40	2,30	3,20	4,10	5,95	7,75	9,60	11,40	13,20	15,00	16,80	18,55

ABONO MENSUAL SAN CLEMENTE	Prezos aprobados 2018		Prezos propostos 2023	
	Sen IVE	Con IVE 21%	Sen IVE	IVE 21%
Abono mensual San Clemente	140,23	169,68	160,03	193,64
Canon por praza	57,01	68,98	57,01	68,98

3.- APARCADOIRO DE SAN CAETANO

Tarifas aprobadas 2018		Sen IVE	IVE 21%
De 1 a 5	minutos	0,0447	0,0541 €/min
De 6 a 15	minutos	0,0355	0,0430 €/min
De 16 a 30	minutos	0,0245	0,0296 €/min
De 31 a 60	minutos	0,0179	0,0216 €/min
De 61 a 90	minutos	0,0260	0,0315 €/min
De 91 a 120	minutos	0,0199	0,0241 €/min
De 121 a 180	minutos	0,0223	0,0270 €/min
De 181 a 240	minutos	0,0202	0,0245 €/min
De 241 a 345	minutos	0,0217	0,0262 €/min
De 346 a 600	minutos	0,0214	0,0259 €/min
Tarifas revisadas 2023		Sen IVE	IVE 21%
De 1 a 5	minutos	0,0511	0,0618 €/min
De 6 a 15	minutos	0,0405	0,0490 €/min
De 16 a 30	minutos	0,0280	0,0339 €/min
De 31 a 60	minutos	0,0205	0,0248 €/min
De 61 a 90	minutos	0,0296	0,0358 €/min
De 91 a 120	minutos	0,0226	0,0273 €/min
De 121 a 180	minutos	0,0254	0,0307 €/min
De 181 a 240	minutos	0,0230	0,0278 €/min
De 241 a 345	minutos	0,0248	0,0300 €/min
De 346 a 600	minutos	0,0245	0,0296 €/min

TARIFAS S.CAETANO	Prezos por hora 2023 (IVE incluído)											
	30'	1h	90'	2h	3h	4h	5h	6h	7h	8h	9h	10h
2018	1,20	1,90	2,75	3,50	5,10	6,55	8,15	9,70	11,25	12,80	14,35	15,95
2023	1,35	2,20	3,15	4,00	5,80	7,50	9,30	11,10	12,85	14,65	16,40	18,20

ABONO MENSUAL SAN CAETANO	Prezos aprobados 2018		Prezos propostos 2023	
	Sen IVE	Con IVE 21%	Sen IVE	IVE 21%
Abono mensual San Caetano	108,16	130,87	123,45	149,37

Canon por praza	57,01	68,98	57,01	68,98
-----------------	-------	-------	-------	-------

21. ALCALDÍA. Referencia: 2023/00053840R.

Designación de representante do Concello de Santiago de Compostela na Escola de Arte e Superior de Deseño “Mestre Mateo”. |

Acórdase:

Primeiro. Designar a concelleira delegada de Capital Cultural, Turismo, Educación e Memoria Histórica, dona Míriam Louzao Fernández, como representante do Concello de Santiago de Compostela na Xunta de Escola da Escola de Arte e Superior de Deseño “Mestre Mateo”.

Esta designación deixar sen efecto calquera outra designación que se tivese realizado con anterioridade.

Segundo. Comunicar este acordo á Escola de Arte e Superior de Deseño “Mestre Mateo” para os efectos oportunos. |

22. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00046697B.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda correspondente aos pagos a conta á empresa “TRALUSA” pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros e substitución de vehículos, correspondentes ao mes de outubro de 2023, por importe de 480.588,38. |

Acórdase:

Primeiro: validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros e a substitución de vehículos de dito servizo, correspondente ó mes de outubro do ano 2023.

Segundo: autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por un importe de catrocentos oitenta mil cincocentos oitenta e oito euros con trinta e oito céntimos (480.588,38€-) a prol de “Autobuses Urbanos de Lugo y Trap. S.A., UTE Lei 18/1982”, con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000 do orzamento.

Terceiro: Dada a natureza do servizo público ó que se vinculan as prestacións liquidadas, resulta necesario dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ó interese público e en tanto non se faga efectiva a adxudicación do contrato actualmente na fase de tramitación. |

23. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00050238X.

Abono dos pagos a conta correspondentes ó terceiro e cuarto trimestre do 2023, presentado por Rias Baixas S.L., pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros da liña 7 que une Santiago-Arins. |

Acórdase:

Primeiro: validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de transporte colectivo de viaxeiros da liña 7 (que comunica a rúa San Roque con Arins- Fornás), correspondente ós dous últimos trimestres do ano 2023.

Segundo: autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por un importe de cento trinta e sete mil douscentos oitenta e un euros con once céntimos (137.281,11€) a prol de AUTOCARES RIAS BAIXAS SL con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000 do orzamento.

Terceiro: Dada a natureza do servizo público ó que se vinculan as prestacións liquidadas, resulta necesario dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar

graves prexuízos ó interese público e en tanto non se faga efectiva a adxudicación do contrato actualmente na fase de tramitación. |

24. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00053527X.

|Informe omisión da función interventora:2023 1856 Informe OFI Talleres Electromagnéticos de Pontevedra- TRUNCKING outubro e novembro 2023, F/2023/5494 e F/2023/6170 |

|Acórdase:

Primeiro: validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo: autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga de liquidación do gasto por importe de TRES MIL DOUSCENTOS SETENTA E SEIS EUROS CON SEIS CÉNTIMOS DE EURO (3276,06 €) segundo relación contable relativa ás facturas F/2023/5494, E F/2023/6170 expedidas por TALLERES ELECTROTÉCNICOS DE PONTEVEDRA SC, por un importe mensual de 1.638,03€ para cada un dos dous meses, e cun importe total de 3276,06 € en concepto de servizo de comunicacións trunking correspondente a outubro e novembro de 2023.

Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo. |

25. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00045511K.

|Validar a omisión da función interventora e autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos a aboar á entidade “Autobuses Urbanos de Lugo y Trap. S.A., UTE Lei 18/1982”, por importe de 392.999,66.€. |

|Acórdase:

Primeiro: validar a omisión da función interventora en relación a este expediente dos pagos a conta derivados da substitución de vehículos, no servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, correspondente ós meses de xaneiro a setembro (ámbolos dous inclusive) do ano 2023.

Segundo: autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por un importe de trescentos noventa e dous mil, novecentos noventa e nove euros, con sesenta e seis céntimos (392.999,66.-) a prol de “Autobuses Urbanos de Lugo y Trap. S.A., UTE Lei 18/1982” con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000 do orzamento.

Terceiro: dada a natureza do servizo público ao que se vinculan as prestacións liquidadas, resulta necesario dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ó interese público, en tanto non se faga efectiva a adxudicación do contrato actualmente na fase de tramitación. |

26. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: 2023/00053799Y.

|Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (2) emitidas por UTE de Telefónica España SAU Telefónica Móviles España SAU polos servizos de telecomunicacións bloque 1: voz/datos,cloud e liñas en diferentes dependencias municipais, durante o mes de outubro do ano 2023. |

|Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRECE MIL VINTESETE EUROS CON COARENTA E OITO CÉNTIMOS (13.027,48 €) segundo relación contable de facturas, todas elas mitidas por UTE de

Telefónica España SAU Telefónica Móviles España SAU polos servizos de telecomunicacións bloque 1: voz/datos e cloud correspondente ao período de outubro do ano 2023.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo. |

27. DEPORTES. Referencia: 2023/00052248L.

|Transferencia ao Consorcio por importe de 86.636,53 euros en execución da addenda ao convenio de colaboración co Concello de Santiago de xestión do Complexo deportivo “Fontes do Sar”, ratificada por acordo da Xunta de Goberno de 30 de decembro de 2014. |

Acórdase:

Primeiro. Convalidar o acordo de 30 de decembro de 2014 de ratificación da aprobación da addenda ao convenio de colaboración pola cal se modificada a súa cláusula quinta.

Segundo. Aprobar o gasto por importe de 86.636,53 € con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4539000 en cumprimento da Addenda ao Convenio de colaboración entre o Consorcio da Cidade de Santiago e o Concello de Santiago de Compostela de xestión do complexo deportivo “Fontes do Sar”, cláusula quinta, e o seu abono ao Consorcio da Cidade de Santiago. |

28. DEPORTES. Referencia: 2023/00014517P.

|Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e a FUNDACIÓN EDUCACIÓN E DEPORTE DE SANTIAGO para o ano 2023. |

Acórdase:

|Primeiro: aprobar a xustificación correspondente ao ano 2023 presentada pola FUNDACIÓN EDUCACIÓN E DEPORTE DE SANTIAGO do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2023, sendo a cantidade a abonar de 20.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890020.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da FUNDACIÓN EDUCACIÓN E DEPORTE DE SANTIAGO por importe de 20.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890020. |

29. COMERCIO. Referencia: 2023/00046662E.

|Aprobación da xustificación do convenio coa Comunidade de propietarios de Área Central e o Concello para o desenvolvemento dun programa de dinamización comercial anualidade 2023 |

Acórdase:

|Primeiro. Aprobar a xustificación da subvención concedida á Comunidade de Propietarios Centro comercial Area Central para o desenvolvemento dun programa de dinamización comercial durante a anualidade 2023, por importe de 35.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890004.

Segundo. Aprobar o recoñecemento da obriga a favor de Comunidade de Propietarios Centro comercial Area Central por importe de 35.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890004. |

30. COMERCIO. Referencia: 2023/00046663T.

|Aprobación da xustificación do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de Artesáns e comerciantes Ourives de Compostela para a creación e promoción da marca de produto Ourives de Compostela |

Acórdase:

Primeiro. Aprobar a xustificación do convenio formalizado entre o Concello de Santiago e a Asociación de Artesáns e comerciantes Ourives de Compostela para a creación e promoción da marca de produto Ourives de Compostela e en consecuencia a xustificación da subvención a por importe de 20.200 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890006.

Segundo. Aprobar o recoñecemento da obriga a favor de a Asociación de Artesáns e comerciantes Ourives de Compostela por importe de 20.200 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890006. |

31. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2023/00032054L.

Xustificación Subvención Praza Abastos |

Acórdase: |

1. Aprobar a xustificación do convenio asinado entre o Concello de Santiago e a Sociedade Cooperativa Galega Mercado de Abastos de Santiago formalizado o 3 de outubro de 2023 por importe de 10.000 euros con imputación á aplicación orzamentaria 010 43120 4790001, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de excusión do orzamento xeral para o ano 2023.

2. Recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 10.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43120 4790001 en cumprimento do citado convenio. |

32. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2023/00014536G.

Aprobación xustificación Convenio de colaboración entre a Unión de Cooperativas Espazo Coop e o Concello de Santiago de Compostela no marco do programa Compostela Móvese 2023" |

Acórdase: |

Primeiro.- Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado entre a : UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZO COOP con documento oficial de identificación G700506662 e o Concello de Santiago de Compostela para o ano 2023. O gasto, por valor de 39.000.-€, irá con cargo á aplicación 010 43300 4890004 dos orzamentos municipais de 2023.

Segundo.- Notificar esta resolución ás persoas interesadas

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ao departamento de Servizos Económicos para a tramitación do pagamento desta subvención nominativa con cargo á partida 010 43300 4890004 dos orzamentos municipais de 2023 |

33. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2023/00014530K.

Aprobación da xustificación do Convenio de Colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Empresarial do Tambre para o ano 2023 |

Acórdase: |

Primeiro. Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado entre a : ASOCIACIÓN ÁREA EMPRESARIAL DO TAMBRE e o Concello de Santiago de Compostela para o ano 2023. O gasto, por valor de 50.000.-€, irá con cargo á aplicación 010 43300 4890001 dos orzamentos municipais de 2023.

Segundo. Notificar esta resolución ás persoas interesadas

Terceiro. Dar traslado deste acordo ao departamento de Servizos Económicos para a tramitación do pagamento desta subvención nominativa con cargo á partida 010 43300 4890001 dos orzamentos municipais de 2023 |

34. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2023/00028667J.

|Aprobación da proposta de xustificación da subvención nominativa a Cursos Universitarios e Internacionais de Música en Compostela |

Acórdase|

Primeiro: aprobar a xustificación da subvención nominativa aos Cursos Universitarios e Internacionais de Música en Compostela visto que se deu cumprimento co obxecto previsto no convenio.

Recoñecer a obriga por un importe de 5.000 euros que se imputará na na aplicación orzamentaria 050 33400 4890007.

Segundo: ordenar o pago do importe da subvención |

35. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00014929Y.

|Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 75/2023 CA2 |

Sentenza nº 268/2023

Obxecto: responsabilidade patrimonial por caída na beirarrúa.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase|

Primeiro: tomar coñecemento da sentenza.

Segundo: remitir ao Servizo de Secretaría para o seu coñecemento. |

36. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00053264T.

|Tomar coñecemento da sentenza recaída no PO 232/2022 CA2 |

Resolución: Sentenza do 31.07.2023

Procedemento: PO PROCEDEMENTO ORDINARIO 232 /2022

Obxecto: Denegación autorización de ocupación da vía pública para colocación de dúas faixas na Alameda e en praza Roxa

A sentenza é favorable aos intereses do Concello.

Acórdase|

Primeiro: tomar coñecemento da resolución xudicial.

Segundo: remitir ao Departamento de Circulación e Seguridade Cidadá para o seu coñecemento e efectos oportunos. |

37. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00033532W.

|Tomar coñecemento do Auto recaído no PO 278/2023 CA1 |

Órgano Xudicial: Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Santiago de Compostela

Resolución: Auto do 14.12.2023

Procedemento: PO PROCEDEMENTO ORDINARIO 278 /2023

Obxecto: Decreto 2023/5946 ditado no expediente 2023/13881Q pola Concellería Delegada de Facenda, Persoal, Contratación do 02.05.2023, polo cal se desestima o recurso de reposición interposto contra a resolución da Tesourería Central do 06.02.2023 ditada no expediente 2023/00003811K.

A sentenza é favorable aos intereses do Concello.

Acórdase|

Primeiro: tomar coñecemento da resolución xudicial

Segundo; remitir á Tesourería Central para o seu coñecemento e efectos. |

URXENCIAS

38. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00004403C.

Validación, ao abeiro do establecido no artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, e no 52 da Lei 39/2015, de 1 outubro, das actuacións realizadas respecto da formalización do contrato do *servizo de Revisión do Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS). Actuacións incluídas no Programa EDUSI 2017-25 (PO FEDER)* |

Acórdase validar, ao abeiro do establecido no artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, e no 52 da Lei 39/2015, de 1 outubro, as actuacións realizadas respecto da formalización do contrato do *servizo de Revisión do Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS). Actuacións incluídas no Programa EDUSI 2017-25, cofinanciado polo Concello de Santiago e os fondos FEDER* |

39. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00009285K.

Convalidación de actuación do expediente “Servizos asociados ao programa “COLABORA E INNOVA NO TEU BARRIO” no marco da operación “FAINO TÍ” no Concello de Santiago de Compostela, dentro da EDUSI REVIVE SANTIAGO, financiada nun 80% polo Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2021: Lote 1: Deseño e desenvolvemento dun Fab Lab. Lote 2: Posta en marcha da Rede TIC 2, e a difusión do Fab Lab e a Rede TIC2. Lote 3: Deseño dun catálogo de boas prácticas en materia de usos das TIC e talento STEM relacionado con oficios tradicionais e industriais asentadas no Concello de Santiago de Compostela” |

Acórdase validar, ao abeiro do establecido no artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, e no 52 da Lei 39/2015, de 1 outubro, as actuacións realizadas respecto da formalización dos contratos de *Servizos asociados ao programa “COLABORA E INNOVA NO TEU BARRIO” no marco da operación “FAINO TÍ” no Concello de Santiago de Compostela, dentro da EDUSI REVIVE SANTIAGO, financiada nun 80% polo Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2021:*

Lote 1: Deseño e desenvolvemento dun Fab Lab.

Lote 2: Posta en marcha da Rede TIC 2, e a difusión do Fab Lab e a Rede TIC2.

Lote 3: Deseño dun catálogo de boas prácticas en materia de usos das TIC e talento STEM relacionado con oficios tradicionais e industriais asentadas no Concello de Santiago de Compostela. |

40. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: 2023/00053954T.

Validación Función interventora relación contable S/2023/363 con (103) facturas emitidas por varias empresas en concepto de servizos de mantemento de copiadoras en diversos departamentos municipais correspondentes ao período entre xuño e novembro de 2023. |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATORCE MIL TRESCENTOS NOVENTA EUROS CON DOUS



CONCELLO DE SANTIAGO

CÉNTIMOS (14.390,02 €) segundo relación contable de facturas S/2023/363 que se achega no expediente, e que comeza pola número F/2023/4934 por importe de 17,73 euros emitida por SOLITIUM SL e remata pola número F/2023/6260 por importe de 58,21 euros, emitida pola empresa SOLITIUM S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

41. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2023/00018062B.

Aprobación e recoñecemento das obrigas derivadas da certificación final de execución da obra REURBANIZACIÓN DA PRAZA DE LEÓN, en Santiago de Compostela.

Acórdase aprobar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación final das obras de REURBANIZACIÓN DA PRAZA DE LEÓN, en Santiago de Compostela emitida por ÁREA PROYECCIÓN, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS SLU, por importe de 13.484,12 euros.

En todo caso, o pago final da obra de referencia debe ser considerada como un abono ou pago a conta a resultas da liquidación do contrato.

42. DEPORTES. Referencia: 2023/00014509T.

Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e o Club Victoria de Santiago de Compostela para o ano 2023.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación correspondente ao ano 2023 presentada polo CLUB VICTORIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2023, sendo a cantidade a abonar de 12.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890011.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor do CLUB VICTORIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA por importe de 12.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890011.